

**Censo da poboación reprodutora de corvo
mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*),
gaivota patiamarela (*Larus michahellis*),
gaivota escura (*Larus fuscus*) e gaivotón (*Larus
marinus*) no Parque Nacional Marítimo-
Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**



RESULTADOS DE 2015

Álvaro Barros

Redacción e traballo de campo:

Álvaro Barros

Informe realizado para o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Cita recomendada:

Barros, A. (2015). Censo da poboación reprodutora de corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*), gaivota patiamarela (*Larus michahellis*), gaivota escura (*Larus fuscus*) e gaivotón (*Larus marinus*) no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia: resultados de 2015. Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Informe non publicado. Xuño de 2015.

CONTIDOS

- Presentación
- Metodoloxía
- Resultados
- Resume e recomendacións
- Agradecementos
- Referencias
- Anexo I. Outras especies.

PRESENTACIÓN

Este informe recolle os resultados do censo da poboación reprodutora de corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*) e das gaivotas patiamarela (*Larus michahellis*), escura (*Larus fuscus*) e gaivotón (*Larus marinus*) no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia no ano 2015. Continúase así co traballo realizado no ano 2011 (Pérez et al., 2012), cando se censaron as poboación de corvo mariño cristado e máis de gaivota patiamarela. Non obstante, no presente informe inclúense dúas novas especies non consideradas no traballo de 2011. Estas especies son a gaivota escura e o gaivotón. No primeiro caso, por tratarse dunha especie moi escasa como nidificante na Península Ibérica (Mouriño e Bermejo, 2003), realizouse un traballo específico de censo e ubicación dos territorios ocupados, para permitir o seguemento da poboación reprodutora e máis da súa distribución espacial no futuro. No caso do gaivotón, especie de nidificación moi recente na Península Ibérica e que conta cunha mínima poboación reprodutora en Galicia (Mouriño, 2005), atendeuse á posible nidificación nas localidades de cría xa coñecidas dentro do Parque Nacional, as illas Vionta (Munilla et al., 2013) e Sagres (Pérez, C., Munilla, I. e Barros, A.; datos propios inéditos).

O censo de todas as especies mencionadas realizouse nas principais illas e illotes dos arquipélagos de Cíes e Ons, así como na illa de Sálvora e nos principais illotes da parte externa da ría de Arousa (Sagres, Vionta, Noro e Herbosa). Non se incluiu neste censo o arquipélago de Cortegada. Para facilitar a comparación das tendencias poboacionais das distintas especies entre o presente censo e o de 2011, mantívose a delimitación dos sectores establecida en 2011 tanto para o corvo mariño como para a gaivota patiamarela, cunhas poucas excepcións que se comentan máis abaixo. Finalmente, durante a realización do traballo de campo na tempada 2015 realizáronse distintas observacións doutras especies de aves que, ben pola súa escaseza no Parque, ou pola súa singularidade a nivel galego, son documentadas neste informe no Anexo 1.

METODOLOXÍA

Censo da poboación de corvo mariño cristado

O corvo mariño cristado presenta unha forte asincronía no período de posta (Velandó et al., 2002). Así, en Galicia o período de postas abrangue desde o mes de febreiro até o mes de xullo (Barros et al., 2013), sendo habitual a presenza nas colonias de niños con ovos ou mesmo aínda en construción ao tempo que outros presentan polos grandes e incluso polos a piques de abandonar o niño. Por este motivo, un censo baseado nunha única visita tende a subestimar a poboación mentres que, dado que algunhas parellas empregan máis dun niño ao longo da estación, un censo feito en base a varias visitas tende a sobreestimala. Sen embargo, un estudo realizado nas Illas Cíes determinou que un único censo entre a última semana de Abril e a primeira de Maio engloba arredor do 90% dos niños que van ser ocupados ao longo de toda a estación de cría (Velandó, 1997), polo que estas foron as datas nas que se realizou o censo que aquí se recolle (Táboa 1).

A unidade de censo nesta especie foi o número de niños ocupados, entendidos como tales aqueles que ou ben contiñan ovos ou polos ou presentaban un estado de construción avanzado (abundante material fresco e presenza de concho para a posta dos ovos; Barros, 2014). Para a localización dos niños, percorreuse a pé todo o perímetro de cada illa e illote do Parque, se ben pola súa inaccesibilidade desde terra algúns sectores foron revisados desde o mar, a bordo dunha embarcación. Estes sectores foron: praia de San Martiño-punta Bicos (Illa de San Martiño; Cíes), faro do Peito-Cabezo do Vapor (Illa de Monteagudo; Cíes), praia das Moscas-porto do Sol (Illa de Onza; Ons) e praia de Pereiró-enseada de Fedorentos (Illa de Ons).

As densidades de poboación represéntanse como número de niños por kilómetro de costa. No presente informe delimitouse un novo sector que non figuraba no censo de 2011 (Pérez et al., 2012). Trátase da cara leste da punta Centolo, na Illa de Ons, unha zona ocupada recentemente pola especie (datos propios inéditos) e na que se concentra a día de hoxe un bó número de parellas de corvo mariño. Este sector foi denominado “Cova do Lobo”.

Táboa 1. Datas de censo da poboación de corvo mariño cristado en 2015.

DATA	LOCALIDADE
8 de Maio	San Martiño
6 de Maio	Faro
7 e 8 de Maio	Monteagudo
29 de Abril	Onza
28 e 29 de Abril e 5 de Maio	Ons
9 de Maio	Sagres
29 de Maio*	Noro*

*Esta localidade non foi visitada durante o censo de corvo mariño por levar varios anos sen criar a especie nela, pero localizouse un niño activo durante o censo de gaivota patiamarela.

Censo da poboación de gaivota patiamarela

Esta especie presenta un período de cría moito máis sincrónico que a anterior. Así, en Galicia as postas prodúcense de maneira simultánea na segunda quincena de Abril (Munilla, 1997). O presente censo realizouse na terceira decena do mes de maio, coincidindo co final do período de eclosión (Pérez et al., 2012; Táboa 2).

Seguindo o método empregado en 2011, a unidade de censo nesta especie foi o territorio aparentemente ocupado (TAO), é dicir, a presenza de cando menos un adulto defendendo un territorio (Munilla, 1997). En cada sector de censo os TAOs foron contados un a un aproveitando a existencia de accidentes xeográficos que permitisen obter unha perspectiva ampla das colonias. Así, por exemplo, a parte leste da enseada de Fedorentos (Illa de Ons) foi censada desde a punta Rabo da Egua, no límite oeste da enseada, mentres que a parte oeste da enseada foi censada desde a punta de Fedorentos, no límite leste da mesma. Nos casos en que non foi posible obter unha panorámica ampla das colonias (sectores lineais de costa, por exemplo punta Cabalo-faro do Peito, na illa de Monteagudo), os TAOs foron contados mediante transectos lineais, realizados a diferentes alturas sobre o acantilado para minimizar o risco de que algúns territorios puidesen pasar desapercibidos. Cando a densidade das colonias foi alta, delimitáronse subsectores de censo en base a distintas irregularidades do terreo, os cales facilitaron o censo da poboación reprodutora de cada sector. As densidades de poboación en cada sector indícanse como número de TAOs por hectárea de superficie.

Ó igual que no caso da anterior especie, debido á súa inaccesibilidade o sector praia de Pereiró-punta Fedorentos, na Illa de Ons, foi censado desde embarcación. Por outra banda, houbo outro sector que polo mesmo motivo foi censado a distancia coa axuda de telescopio: foi o caso da cara norte da Illa de Onza, que foi revisada desde o miradoiro de Fedorentos, no extremo sur da Illa de Ons. Por outra parte, nas Illas Cíes fixéronse unha serie de pequenos cambios nas denominacións dos sectores con respecto ao traballo de 2011 (Pérez et al., 2012). Así, as dunas da praia de Rodas (Illa de Monteagudo-Faro) pasan a seren agora un sector con denominación propia (“dunas de Rodas”), mentres que Muxieiro pasa a chamarse “dunas de Muxieiro” e o antigo sector de Rodas pasa a ser “punta Muxieiro”.

Táboa 2. Datas de censo da poboación de gaivota patiamarela en 2015.

DATA	LOCALIDADE
25 de Maio	San Martiño
24 de Maio	Faro
22, 23 e 24 de Maio	Monteagudo
22 de Maio	Onza
20 e 21 de Maio	Ons
27 e 28 de Maio	Sálvora
29 de Maio	Vionta
29 de Maio	Sagres
29 de Maio	Noro
29 de maio	Herbosa

Censo da poboación de gaivota escura

O método de censo para esta especie foi o mesmo que o empregado coa gaivota patiamarela (número de TAOs). As datas de censo tamén foron as mesmas que as indicadas para a gaivota patiamarela (Táboa 2). O reducido da poboación reprodutora permitiu neste caso localizar sobre o mapa todos os territorios. Para determinar se as parellas eran puras ou mixtas con gaivota patiamarela, cando foi posible identificáronse os dous membros de cada parella.

Censo da poboación de gaivotón

No caso desta especie prestouse atención á presenza de aves adultas en calquera das illas e illotes do Parque Nacional. De maneira especial, buscáronse parellas territoriais nas dúas localidades do Parque onde xa se tiña denunciado a súa reprodución (ver máis arriba).

RESULTADOS

Corvo mariño cristado

A poboación reprodutora de corvo mariño cristado no Parque Nacional no ano 2015 foi de 931 parellas (Táboa 3). Por arquipélagos, o 64% da poboación cría no arquipélago de Ons, mentres que no de Cíes faíno o 20% e en Sagres faíno o 16% restante.

Táboa 3. Resultados do censo da poboación nidificante de corvo mariño cristado no Parque Nacional. Indícase a illa, tramo, o nome do sector, o número de parellas reprodutoras en cada sector e o total por illa.

ILLA	TRAMO	SECTOR	Nº PARELLAS
SAN MARTIÑO	Peirao Fornos-cabo Bicos	Bicos	2
	Cabo Bicos-Punta Concela	Concela	2
	Punta Cabaliño-punta Gavotos	Cabaliño	13
	Punta Gavotos-enseada Gavotos	Gavotos	16
	Enseada Gavotos-Balcoeira	Balcoeira	13
	Balcoeira-Carboeiro	Carboeiro	6
	Carboeiro-punta Galera	Negriña	11
	Punta Galera-punta Pau da Bandeira	Galera	7
	TOTAL		70
FARO	Punta Canabal-Popa Fragata	Faro	0
	Popa Fragata-punta Ruzo	Popa Fragata	2
	Punta Ruzo-Portelo	Furna Follas	12
	Portelo-Estripeiro	Portelo	9
	Estripeiro-Furna do Trapo	Campá	13
	TOTAL		36
MONTEAGUDO	Enseada Chancelos	Chancelos	1
	Valgada	Valgada	2
	Valgada-Malpaso	Malpaso	7
	Percha-Furna Balcón	Percha	17
	Furna Balcón-Tropezas	Furna Balcón	14
	As Tropezas-Cabalo de Terra	Tropezas	2
	Cabalo de Terra	Cabalo	0
	Punta Cabalo-punta Escodelo	Punta Cabalo	15
	Punta Escodelo-furna Marín	Furna Marín	15
	Furna Marín-faro do Peiro	Laxe do Peito	4
	TOTAL		77
ONS	Punta do castelo-punta da Porta	Coviñas	13
	Punta da Porta-punta Fedorentos	Fedorentos	11
	Punta Fedorentos-punta Baxeiral	Burato do Inferno	5
	Punta Baxeiral-O Morro	Freitasas	25
	O Morro-enseada Caniveliñas	Caniveliñas	21
	Enseada Caniveliñas-Con das Bombas	Xestas	15
	Cons de Liñeiros-punta Estripeiral	Fontiñas	9
	Punta Estripeiral-enseada Bastián de Val	Estripeiral	98
	Enseada Bastián de Val-illote Xuvenco	Bastián de Val	122
	Illote Xuvenco-punta Fontenova	Fontenova	29
	Punta Fontenova-punta Xuvenco	Xuvenco	36
	Punta Xuvenco-cova da Vella	Cova da Vella	81
	Cova da Vella-illote Centolo	Centolo	31
	Illote Centolo-Cova do Lobo	Cova do Lobo	107
	TOTAL		593
ONZA	Onza leste	Leste	30
	Onza oeste	Oeste	48
	TOTAL		78
NORO	Noro	Noro	1
	TOTAL		1
SAGRES	Sagres de Terra	Terra	50
	Sagres de Fóra	Fóra	26
	TOTAL		76

Comparando a poboación censada entre 2014 (Barros, 2014) e 2015 (presente informe), obsérvase un descenso, de maior ou menor importancia, en todas as colonias (Táboa 3). Especialmente importante é o sufrido nas Illas Cíes, onde en tan só un ano a poboación baixou un 46%.

Táboa 4. Poboación reprodutora de corvo mariño cristado por arquipélago en 20014 e 2015.

ÁREA	POBOACIÓN 2015	POBOACIÓN 2014	DIFERENZA (%)
Illas Cíes	183	337	-46
Illas Ons	671	715	-6
Ría de Arousa (Sagres e Noro)	77	84	-8
TOTAL PARQUE NACIONAL	931	1.136	-18

Atendendo ás densidades de poboación nos distintos arquipelagos, nas Illas Cíes as maiores acádanse no sector da Percha (Monteagudo), Campá (Faro) e Negriña (San Martiño) (Figura 1). En Ons, as densidades máis altas rexistráronse no sector norte da illa principal (Estripeiral-cova do Lobo), así como en toda a illa de Onza (Figura 2).

Illas Cíes




Figura 1. Densidades de corvo mariño cristado (nº de niños/km de costa) nas Illas Cíes.

Illa de Ons




Figura 2. Densidades de corvo mariño cristado (nº de niños/km de costa) nas Illas Ons.

Gaivota patiamarela

A poboación de gaivota patiamarela no Parque Nacional no ano 2015 foi de 10.795 territorios (Táboa 5). Por arquipélagos, o 35% da poboación situouse na illa de Sálvora, o 33% nas Illas Cíes, o 21% nas illas Ons e o 10% na Vionta.

Táboa 5. Resultados do censo da poboación nidificante de gaivota patiamarela no Parque Nacional. Indícase a illa, o sector, o número de territorios en cada sector e o total por illa.

ILLA	SECTOR	Nº TERRITORIOS
SAN MARTIÑO	Bicos	137
	Concela	91
	Cabaliño	263
	Gavotos	221
	Negriña	206
	Galera	39
	San Martiño	22
	TOTAL	979
FARO	Dunas de Rodas	32
	Viños	24
	Carracido	50
	Hortas	60
	Canaval	15
	Porta	12
	Fragata	70
	Portelo	67
	Campá	70
	Bogas	91
	TOTAL	491
MONTEAGUDO	Príncipe	64
	Chancelos	83
	Valgada	107
	Interior	63
	Peito	7
	Percha	247
	Tropezas	109
	Vapor	602
	Cabalo	136
	Marín	265
	Escodelo	107
	Dunas de Muxieiro	219
	Punta Muxieiro	41
	TOTAL	2.050

Táboa 5 (continuación). Resultados do censo da poboación nidificante de gaivota patiamarela no Parque Nacional. Indícase a illa, o sector, o número de territorios en cada sector e o total por illa.

ILLA	SECTOR	Nº TERRITORIOS
ONS	Fedorentos	123
	Baxeiral	225
	Morro	166
	Freitasas	31
	Xestas	48
	Liñeiros	102
	Estripeiral	72
	Xuvenco	288
	Vella	84
	Centolo	83
	Melide	182
	Porto	48
	TOTAL	1.452
ONZA	Leste	425
	Sur	148
	Oeste	217
	TOTAL	790
SÁLVORA	Faro	682
	Almacén	507
	Salvareiros	135
	Gralleiros	92
	Prados	343
	Roque	140
	Lagos	1.805
	Vila	114
	TOTAL	3.818
SAGRES	Terra	19
	Fóra	58
	TOTAL	77
VIONTA	TOTAL	1.069
NORO	TOTAL	57
HERBOSA	TOTAL	12
TOTAL PARQUE NACIONAL		10.795

A evolución da poboación entre 2011 e 2015 foi negativa en todos os arquipélagos, destacando o caso das Illas Cíes, onde baixou tanto como o 53% (Táboa 6). Os descenso rexistrados en Ons (31%), Sálvora (20%) e Vionta (11%), sendo menores que o de Cíes, tamén foron importantes. Curiosamente, o descenso da poboación por arquipélagos amosou unha clara tendencia ao aumento cara ó sur. Así, nas Illas Cíes foi onde descendeu de maneira máis forte, mentres que Vionta experimentou un descenso máis leve. A poboación só aumentou no conxunto de tres colonias menores (Sagres, Noro e Herbosa), se ben este incremento foi debido basicamente ao aumento da poboación no illote de Noro, colonia numericamente case irrelevante.

Táboa 6. Poboación reprodutora de gaivota patiamarela por arquipélago en 2015 e 2011. Indícase a poboación en cada un destes anos, así como a diferenzas entre anos e as taxas de crecemento anual, en tanto por cento.

ÁREA	POBOACIÓN 2015	POBOACIÓN 2011	DIFERENZA (%)	TAXA ANUAL (%)
Illas Cíes	3.520	7.465	-53	-18,7
Illas Ons	2.242	3.259	-31	-9,5
Sálvora	3.818	4.786	-20	-5,5
Vionta	1.069	1.207	-11	-3,2
Sagres, Noro e Herbosa	146	120	+22	+5%
TOTAL PARQUE	10.795	16.837	-36%	-11%

Atendendo ás densidades, a día de hoxe as maiores atópanse na metade norte da Illa de Monteagudo e nas dunas de Muxieiro nas Illas Cíes (Figura 3), nos extremos norte e sur da Illa de Ons e na Illa de Onza (Figura 4) e, no arquipélago de Sálvora, no extremo norte da illa principal e máis na Vionta (Figura 5). É interesante apuntar que a poboación descendeu de maneira clara en todos os sectores con respecto ao censo de 2011 agás naqueles que se corresponderon con áreas dunares e cabeceiras de praias (Táboa 7). Así, a poboación aumentou de maneira moi significativa entre no sector de Muxieiro e Rodas, nas Illas Cíes, e mantívose, cunha lixeira tendencia á alza incluso, na parte areosa de Sálvora (Lagos). Na Vionta, aínda que a poboación descendeu con respecto ao censo de 2011 (Táboa 6), mantense estable desde 2013, cando se contaron 1.044 territorios (Munilla et al., 2013). Esta situación podería ser indicativa dunha preferencia por parte das gaivotas a criar nas áreas areosas, sempre e cando estas estean protexidas.

Illas Cíes




Figura 3. Densidades de gaivota patiamarela (nº de TAOs/hectárea) nas Illas Cíes.

Illas de Ons




Figura 4. Densidades de gaivota patiamarela (nº de TAOs/hectárea) nas Illas Ons.

Illas de Sálvora




Figura 5. Densidades de gaivota patiamarela (nº de TAOs/hectárea) no arquipélago de Sálvora.

Táboa 7. Evolución da poboación de gaivota patiamarela nos sectores de praia-duna entre 2011 e 2015.

ILLA	SECTOR	POBOACIÓN 2015	POBOACIÓN 2011	DIFERENZA (%)
Monteagudo	Muxieiro	219	31	+706
Faro-Monteagudo	Rodas	32	0	nova
Sálvora	Lagos	1.805	1.745	+3,4

Gaivota escura

A nidificación deste especie en 2015 foi confirmada en tres localidades do Parque Nacional, que sumaron un total de 29 TAOs (Táboa 8, Figura 6). A localidade máis importante é, con moito, a Illa de Sálvora, que concentra o 90% da poboación do Parque. En concreto, a parte norte desta illa, con 23 TAOs, é de vital importancia para a conservación desta gaivota no Parque Nacional. Por arquipélagos, comparando os datos de 2015 cos de 2011 (Táboa 8), a gaivota escura está a piques de desaparecer no de Ons, mentres que baixou sensiblemente en Sálvora (26%) e en Vionta (60%). No conxunto do Parque a poboación decreceu un 34% entre 2011 e 2015.

Táboa 8. Poboación de gaivota escura no Parque Nacional en 2011 e 2015.

LOCALIDADE	Nº TERRITORIOS 2015	Nº TERRITORIOS 2011*
Illa de Ons	0	1
Illa de Onza	1	3
Illa de Sálvora	26	35
Vionta	2	5
TOTAL	29	44

*Fonte: Pérez, C., Munilla, I. e Barros, A. (datos propios inéditos).

En canto á formación das parellas (posible mestura con *michahellis*), os dous adultos que rexentaban o territorio en Onza eran *fuscus*. En Sálvora, de 20 parellas para as que se observaron os dous adultos, en 19 casos ambos membros eran tamén *fuscus*, mentres que nun único caso a parella estaba formada por *michahellis/fuscus*. Na Vionta, só se observou un adulto en cada TAO.



Figura 6. Situación dos TAOs de gaivota escura (puntos verdes) nas illas de Sávora (arriba), Onza (abaixo, esquerda) e Vionta (abaixo, dereita).

Gaivotón

Durante o traballo de campo en 2015 localizouse un único TAO no Parque Nacional, na parte central da Vionta, na mesma localidade onde se confirmou a cría en 2013 (Munilla et al., 2013). Non se observaron gaivotóns no resto das illas e illotes do Parque Nacional.

RESUME E RECOMENDACIÓNS

A situación actual das poboacións reprodutoras de corvo mariño cristado, gaivota patiamarela e gaivota escura no Parque Nacional é preocupante. Compre destacar que a poboación destas tres especies ten diminuído en todos os arquipélagos do Parque Nacional nos últimos anos. **No caso do corvo mariño cristado**, o descenso da poboación nas Illas Cíes en tan só un ano (case o 50%) pódese considerar como dramático. O feito de que este descenso nas Illas Cíes non estivese acompañado dun aumento nas cercanas colonias de Ons e Sagres (ambas con lixeira tendencia á baixa), apunta a que non houbo emigración das Illas Cíes cara outras áreas. Polo tanto, os resultados deste censo suxiren que se está a dar un proceso moi importante de mortalidade de corvos mariños nas Illas Cíes. Por este motivo, **recoméndase realizar en 2016 un novo censo de toda a poboación reprodutora no Parque Nacional para confirmar as tendencias observadas en 2015**. Ademais, a situación observada nas Illas Cíes require da **realización urxente dun estudo específico** que identifique as causas polas que a poboación ten descendido de maneira tan alarmante. En particular, unha vez que o visón americano (*Neovison vison*) parece estar practicamente erradicado das illas, débese **prestar especial atención á mortalidade que se pode estar a producir en artes de pesca**.

En canto á **gaivota patiamarela**, esta especie amosou tamén unha tendencia moi negativa no conxunto do Parque entre 2011 e 2015 (descenso do 36%). **Recoméndase un seguemento anual da poboación en base ao censo da poboación reprodutora nos sectores delimitados por Munilla et. al. (2013)**, ademais dun novo censo do total da poboación reprodutora no Parque en 2019, que deba incluír ademais á gaivota escura. Así mesmo, recoméndase **realizar un estudo específico sobre as causas deste descenso poboacional** que analice posibles causas de mortalidade, así como posibles **fenómenos de emigración e cambios nas variables ambientais** (singularmente, na dispoñibilidade de alimento). Por outra banda, é significativo que a poboación se manteña estable ou aumente unicamente nas áreas de duna e praia, nun contexto xeral de descenso poboacional. Por este motivo, débese garantir a protección axeitada das áreas dunares nas que cría a especie. No caso das dunas da praia de Rodas (Illas Cíes), recoméndase a **supresión da pasarela** de madeira que cruza as dunas no seu sector sur. Esta medida sen dúbida tamén favorecería á poboación nidificante de píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus*), especie incluída como “vulnerable” no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, na actualidade presente só na parte norte do cordón dunar.

AGRADECEMENTOS

Ignacio Munilla e Beatriz Gamallo participaron no censo de gaivotas de Vionta, Sagres, Noro e Herbosa. Son autores ademáis da confirmación da cría de pato frisado que se indica no Anexo I deste informe.

REFERENCIAS

- Barros, A. (2014). A conservación de poboacións periféricas en aves mariñas: o caso do corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*, Linnaeus 1761) no noroeste da Península Ibérica. Tese de Doutoramento, Universidade de Vigo.
- Mouriño, J. (2009). *Primeros datos sobre nidificación de gavión atlántico* *Larus marinus en la Península Ibérica*. A Carriza, 4(2): 55-61.
- Mouriño, J., Bermejo, A. (2003). Gaviota sombría, *Larus fuscus*. En, R. Martí y J. C. del Moral (Eds.): Atlas de las Aves Reproductoras de España, pp. 270-271. Dirección General de Conservación de la Naturaleza-Sociedad Española de Ornitología. Madrid.
- Munilla, I., Domínguez, P., Piorno, V. (2013). Seguimento da poboación reprodutora de Gaivota patiamarela (*Larus michahellis*) no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia: resultados de 2013. Parque Nacional Marítimo e Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Informe non Publicado. Decembro 2013.
- Pérez, C., Barros, A., Velando, A., Munilla, I. (2012). Bioindicadores do estado de conservación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Parque Nacional Marítimo e Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Informe non Publicado. Xaneiro de 2012.
- Velando, A. (1997). Ecología y comportamiento del cormorán moñudo (*Phalacrocorax aristotelis*) en las islas Cíes y Ons. Tesis Doctotal, Universidad de Vigo.
- Velando, A., Graves, J., Ortega-Ruano, J. E. (2002). *Sex ratio in relation to timing of breeding, and laying sequence in a dimorphic seabird*. Ibis, 144: 9-16.

ANEXO I. Outras especies.

Durante os traballos específicos de censo de corvo mariño cristado e gaivotas no ano 2015 realizáronse diversas observacións doutras especies que, ben pola súa escaseza no Parque Nacional, ou ben pola súa singularidade ao presentar poboacións reducidas a nivel galego, pódense considerar de especial interese de conservación. Esta información pode ser relevante para a xestión das devanditas especies no Parque Nacional. De seguido, detállanse estas observacións, principalmente referidas a nidificacións confirmadas.

Pato frisado (*Anas strepera*)

O 9 de Maio observáronse un macho e dúas femias en Sagres de Fóra. O 29 de Maio, comprobouse a nidificación nesta illa ao atoparse un niño con 10 ovos.

Falcón peregrino (*Falco peregrinus*)

Localizados 4 niños activos (todos con ovos ou polos). Un na illa de San Martiño o 25 de Maio e outro na de Monteagudo 23 de Maio, e outros dous nas illas de Onza e de Ons, o 22 e 20 de Maio, respectivamente.

Píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus*)

Confirmados tres territorios de cría nas dunas de Rodas (Faro-Monteagudo, Illas Cíes), o 22 de Maio de 2015. Esta especie non foi detectada noutros areas favorables para a reprodución (Illas de Sálvora e Vionta).

Gabita (*Haematopus ostralegus*)

Localizado un niño con tres ovos na illa Vionta o 29 de Maio, no arquipélago de Sálvora. Pola contra, durante todo o traballo de campo de 2015 non se observaron gabitas na outra localidade do Parque onde anos atrás criou esta especie (Viños-punta das Vellas, illa do Faro).

Gralla pequena (*Corvus monedula*)

Na illa de Onza, o 22 de Maio, observáronse 1-2 aves na mesma zona do noroeste da illa en que en 2015 foi localizado un niño activo (Barros, datos propios inéditos), e grupo de 4 aves adultas movéndose polos acantilados da zona leste.

Corvo grande (*Corvus corax*)

Dous niños ocupados, un na illa de Ons o 5 de Maio e outro na illa de Sálvora o 28 de Maio.

